Código da convocatoria: 099/2026

De conformidade co establecido nas bases da convocatoria, pola presente Resolución procédese ao nomeamento do Tribunal de Selección que se ocupará da valoración e do baremo de méritos das persoas aspirantes.

O Tribunal estará formado polos seguintes membros:

- Presidencia: Rafael López López
  - Suplente presidencia: Roberto Piñeiro Cid
- Secretaría: Angel Díaz Lagares
  - Suplente secretaría: Jaime Dubbelman Vizcaíno
- Vogal: Irene Lorenzo Gómez
  - Suplente vogal: Gloria García López

Este Tribunal realizará as seguintes funcións dentro do procedemento da convocatoria:

1. Avaliación dos méritos académicos e profesionais das persoas candidatas, valorando a adecuación do perfil aos requisitos e obxectivos da convocatoria.
2. No caso de ser pertinente, poderá realizar entrevistas persoais aos aspirantes para poder facer a avaliación e baremo dos méritos.
3. Sinatura da acta de resolución final, tras a realización das entrevistas aos aspirantes que pasen á segunda fase.
4. Traslado á Dirección da Fundación das decisións adoptadas.

O Tribunal actuará con total independencia e transparencia, asegurando un proceso de selección rigoroso e que garante o cumprimento das bases da convocatoria.

En Santiago de Compostela, a 17de novembro de 2026

Isabel Lista García

Directora

Fundación Pública Galega Instituto de

Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (FIDIS)

Documento asinado dixitalmente por:
Isabel Lista Garcia (17/11/2026 11:44 CET)
https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-dba35270-ae26-40ad-823f-f89bda475714